

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de outubro de 2013, polo que se aproban as normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública na Administración do Parlamento de Galicia

O Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, establece na súa disposición adicional décimo sexta as normas ás que se deberá axustar a utilización de medidas electrónicas, informáticas e telemáticas nos procedementos que regula.

No marco do establecido nesa disposición e na demais normativa aplicable en materia de utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos e en consonancia coas previsións da Unión Europea en materia de contratación electrónica, estas normas teñen por obxecto regular a utili-

zación dunha plataforma de servizos asociados coa contratación pública. Este proxecto está incluído no Plan director (proxecto XADM 3.2), a través do cal se está potenciando na Cámara a implantación das novas tecnoloxías da información, e incardínase, así mesmo, nos compromisos medioambientais asumidos pola Cámara de eliminación progresiva do papel nos distintos procedementos administrativos.

A través desta ferramenta de servizos incrementarase a eficacia e mais a transparencia da actuación administrativa, e todos os operadores se beneficiarán das súas utilidades. As empresas poderán recibir información telemática das distintas convocatorias, presentar as súas ofertas de xeito electrónico, prescindindo dos dossiers documentais que actualmente teñen que achegar, e recibir telematicamente as comunicacións e notificacións, sen necesidade de desprazarse a rexistros ou oficinas de correos.

En consecuencia, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 1 de outubro de 2013, no uso das competencias que ten atribuídas no artigo 30.1.2ª do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 3 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 633, do 24 de outubro de 2013), dispón:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Estas normas teñen por obxecto regular a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos dos procedementos de contratación.

Artigo 2. *Utilizacións de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de contratación*

1. A Administración Parlamentaria poderá utilizar os medios electrónicos, informáticos e telemáticos en todas as actuacións e trámites dos procedementos de contratación.

2. A tramitación electrónica dos procedementos de contratación efectuarase a través dunha aplicación informática de que dispón a Administración parlamentaria denominada *Plataforma de licitación electrónica* da Administración parlamentaria.

Artigo 3. *Acceso e contido da Plataforma de licitación electrónica*

1. A Plataforma de licitación electrónica será accesible a través do perfil de contratante do Parlamento de Galicia, o cal está dispoñible no enderezo electrónico <http://www.parlamentodegalicia.es>

2. Para poder operar a través da Plataforma de licitación electrónica os usuarios deberán darse de alta nela, conforme as indicacións que constan na propia plataforma.

3. Nesa plataforma configúrase un rexistro electrónico, que terá a consideración de rexistro público oficial, para os únicos efectos da tramitación da contratación administrativa da Cámara.

Artigo 4. *Carácter da utilización da Plataforma de licitación electrónica*

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares indicarán, respecto de cada procedemento de contratación, a admisión ou non da utilización dos medios e soportes electrónicos, informáticos e telemáticos na presentación de proposicións e documentos, requisitos e características dos ficheiros a utilizar, así como as notificacións e comunicacións entre a Administración parlamentaria e os interesados.

2. A utilización da Plataforma de licitación electrónica será, con carácter xeral, potestativa para os licitadores, sen prexuízo de que en determinados contratos, en atención ás súas características ou circunstancias debidamente motivadas, se considere conveniente, por razóns de axilidade e simplificación administrativa, a utilización preceptiva da Plataforma de licitación electrónica.

Artigo 5. *Rexistro de Contratistas*

Para poder presentar ofertas telematicamente, os licitadores deberán estar inscritos previamente no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Facultades da Presidencia*

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para aprobar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e interpretación desta disposición.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2013

Miguel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º